




concello de **ORDES**
separata 12



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Únha maneira de facer Europa"

ÍNDICE

1.	CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO.....	1
1.1.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO	1
1.2.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO	2
1.3.	DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO	3
1.4.	BASES CARTOGRÁFICAS.....	4
2.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	5
3.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	6
3.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	6
3.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	8
4.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO	13
5.	DESCRICIÓN DO ÁMBITO	16
6.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	17
7.	ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)	19
8.	ANEXO PLANOS	41



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Únha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

1. CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO

1.1. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO

Boa parte do itinerario coñecido como Camiño Inglés é coincidente cos Camiños Reais que comunican as cidades de A Coruña e Ferrol coa de Santiago de Compostela. A metodoloxía executada no proxecto de delimitación que conduce a este expediente ten en conta este feito, sendo a existencia de vestixios funcionais do Camiño Real o principal criterio para a delimitación do trazado.

Os criterios específicos de delimitación da traza principal do Camiño Inglés son:

- Recuperación das trazas conservadas do Camiño Real alí onde exista.
- Para dar continuidade ao camiño tradicional nos lugares onde este teña desaparecido buscouse unha traza funcional, capaz de asegurar o tránsito, que discorra por camiños públicos, que siga a mesma lóxica territorial dos camiños tradicionais e que, ademais, posúa os seguintes valores:
 - Valores patrimoniais de todo tipo.
 - Valores medioambientais, en estreita relación coa paisaxe cultural, pero que contemple tamén aspectos fisiográficos e de relevo.
 - Seguridade para o tránsito de peregrinos, nas súas diferentes modalidades.

Ademais da traza principal, a delimitación abarca trazados de vestixios históricos e trazados complementarios:

- Os trazados de vestixios históricos están compostos pola traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
- Os trazados complementarios son aqueles que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

TRAZADO DO CAMIÑO



Comprende a delimitación realizada en virtude das consideracións anteriores. Será o Camiño Delimitado e polo tanto o que establece a Lei 3/1996. O seu percorrido será continuo dende os Concellos de Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela.

TRAZADO DE VESTIXIOS HISTÓRICOS



Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.

TRAZADO COMPLEMENTARIO




Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

1.2. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO

En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

Diferéncianse tres ámbitos que argumentan a delimitación:

– Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.



Imaxe da delimitación no Concello de Abegondo.

– Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximo, inclúense as parcelas catastrais.



Imaxe da delimitación no Concello de Oroso.

- Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño.



Imaxe da delimitación no Concello de A Coruña.

1.3. DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO

A delimitación gráfica do trazado levouse a cabo tal e como se establece na Lei 3/1996. Segundo o establecido por esta, nos artigos 6 e 16, a delimitación do Camiño estará constituída pola plataforma por onde discorre, tendo que delimitarse unha zona lateral de protección do Camiño de tres metros a partir das arestas desta e unha zona de protección do contorno de trinta metros a partir da mesma aresta.

Naqueles casos nos que haxa que recuperar tramos do Camiño, e segundo o artigo 1, a anchura virá constituída por unha franxa de, polo menos, tres metros. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte deste o terreo ocupado polos soportes da estrutura.



Imaxe da delimitación gráfica do trazado nos Concellos de Santiago de Compostela e Paderne.

1.4. BASES CARTOGRÁFICAS

As bases cartográficas constitúen un elemento imprescindible para a plasmación gráfica da delimitación que se pretende levar a cabo. Seguindo un criterio de homoxeneización da cartografía a empregar para todo o territorio obxecto de estudo empréganse dúas fontes de información: a cartografía 1/5.000 da Xunta e as extraccións a data de xuño de 2012 das bases catastrais dos Concellos obxecto de estudo.

Con estas bases cartográficas melloradas a escala de traballo empregada para a delimitación foi 1/2.000, se ben a escala xeral de representación empregada é 1/10.000.

De cara a identificar os trazados de carácter histórico empregouse a ortofoto correspondente ao voo e catastro do ano 1956 así como, entre outros, cartografía variada do século XVIII, o mapa eclesiástico de 1825, a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845, o mapa do exército da provincia da Coruña de 1884 así como o itinerario militar do mesmo ano ou a serie cartográfica MTN 50.000 dos anos 1929 a 1949 do Instituto Xeográfico Nacional.

Para os traballos de delimitación empregáronse ademais as ortofotos máis recentes dispoñibles do ámbito obxecto de estudo. Para iso se ha contado co voo do PNOA correspondente ao ano 2008.

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

O territorio que actualmente forma o municipio de Ordes formou parte na Idade Media do condado de Trastámara. Unha división posterior fixo que parte do territorio recaese baixo xurisdición do conde Altamira e outra parte dentro do couto de Faramilláns. A situación xeográfica, claramente situado entre A Coruña e Santiago, leva consigo que se conserven datos e documentos do paso de camiños medievais polo seu territorio. Tamén viaxeiros ilustres como o rei Felipe II, que pasou unha noite en Poulo en 1544, tal e como pode lerse no lintel da porta da igrexa de San Xiao do Poulo.

As anotacións do Padre Sarmiento das súas viaxes realizadas por Galicia en 1745, deixan constancia de varios lugares do municipio de Ordes: a freguesía de Santa María de Ordes, A ponte Pereira, Poulo, Buscás, Cabeza de Lobo.

Buscás é o enclave máis representado na cartografía histórica. Xa aparece no mapa de Gallaecia Regnum de 1611 e posteriores. Tamén hai constancia de Montaos (Santa Cruz de Montaos) en mapas de 1635.

3. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

O trazado xacobeo inténase no municipio de Ordes a través do núcleo de O Seixo. Esta poboación desenvólvese en torno á estrada que a atravesa. O Seixo fórmano construcións tradicionais de fábrica de cachotería e modernas vivendas unifamiliares situadas fronte á estrada, convertida na rúa principal da localidade. O peregrino abandona O Seixo e continúa pola mesma estrada cuxo longo trazado rectilíneo é consecuencia da concentración parceira.

O tránsito pola longa estrada realízase a través de fincas e terreos agrícolas. Tan só rompe a homoxeneidade da paisaxe algunhas manchas boscosas illadas. Tras realizar suaves subas e baixadas, a ruta xira e descende chegando ao núcleo de Cabeza de Lobo. Esta poboación tamén presenta un desenvolvemento en torno á estrada. Tras pasar fronte ás primeiras casas de muros de pedra, chégase ao ámbito no que se acha a igrexa parroquial de San Pedro de Ardemil. Este templo levántase fronte á estrada e entre ambos os dous tamén o fai o cruceiro de Ardemil. Dende aquí, a travesía conta cunha beirarrúa no lado dereito, discorrendo por esta poboación mentres se alternan vivendas unifamiliares modernas, construcións tradicionais e edificacións agrícolas e gandeiras.

Deixando atrás as últimas casas da poboación, o trazado xacobeo continúa pola mesma estrada, que realiza leves curvas en suave descenso. O ámbito permanece sen alteracións, con campos de millo marcando a paisaxe. O peregrino pasa polos núcleos de O Castro, ou Pazo e As Mámoas; topónimos que deixan constancia da pegada histórica destes enclaves.

En O Porto pásase xunto a varias construcións tradicionais de cachotería e iníciase un descenso do pequeno cavorco formado polo rego de Portomanteiga. A proximidade deste regueiro fai que aumente o arboredo, predominando os carballos. Superado o rego, a estrada gaña altura e chega ao núcleo da Carballeira, no que non se interna. Continúa a suba cando o trazado se desvía por un camiño de terra estreito pero ben marcado, que discorre entre piñeiros e carballos. O sendeiro prosegue con dirección sur coa compañía constante dos carballos. O tramo final deste camiño avanza entre noiros de terra e baixo as ramas do arboredo. Na zona do Cruceiro, a ruta xira para tomar unha pista que posteriormente desemboca nunha estrada.

O peregrino continúa por esta estrada cuxo trazado forma parte da concentración parceira. Superada unha recta chégase ao núcleo de A Rúa. Como indica o seu nome, esta poboación aséntase en torno á estrada que a atravesa, formando unha rúa. A Rúa está composta maioritariamente por construcións de arquitectura tradicional e vivendas unifamiliares. Sae ao paso a igrexa parroquial de San Paio de Buscás, que neste caso mostra a súa ábsida cara ao camiño.

Abandónase A Rúa continuando pola mesma estrada nun novo tramo rectilíneo que discorre entre amplos terreos agrícolas. Tras unhas lixeiras curvas, descéndese levemente ata chegar ao núcleo de Vilariño. O trazado inténase nesta pequena poboación que, ao igual que nos casos anteriores, desenvólvese en torno á estrada; neste caso, á estrada anterior á concentración parceira. Vilariño está formado por un conxunto de construcións tradicionais e edificios de explotacións agrícolas. Continúase pola mesma estrada que pouco despois se abandona para tomar unha pista que descende ata cruzar o rego Cabrón pola Ponte de Vilariño. Inmediatamente despois de pasar a ponte, xírase á dereita tomando un camiño que serpea entre bosque baixo e tramos entre noiros vexetais. O arboredo increméntase, con maioría de carballos pero tamén con presenza de piñeiros. Este camiño chega ao encontro da estrada AC-524, a cal cruza por un paso inferior.

O túnel de formigón baixo a AC-524 dá paso a unha pista que sobe ata alcanzar unha pequena estrada que pasa xunto a unha construción en cachotería. En suave ascenso, o trazado toma unha corredeira que se abre oco no mesto bosque, entre noiros de terra. Sempre en lixeiro ascenso, o peregrino camiña por unha galería vexetal que o illa do ámbito. Tras pasar de modo tanxencial polo núcleo do Outeiro, o panorama amplíase permitindo ver os terreos próximos. Sen que o arboredo anexo ao sendeiro desapareza, o camiño conflúe nunha estrada veciñal que ascende con escasa pendente entre campos de labor.

O próximo horizonte aparece limitado por masas de arboredo que se alternan entre os terreos. A ruta chega ao núcleo de Lavandeira de Riba. Nesta pequena poboación sobresaen as edificacións destinadas a almacéns agrícolas. A estrada atravesa este núcleo e continúa por A Senra e tras esta poboación e un novo tramo recto chégase ao núcleo de A Calle.

O núcleo de A Calle, algo maior que os anteriores, mostra un conxunto de edificacións concentradas ao longo da estrada, onde predomina a presenza de construcións tradicionais. No lado esquerdo, a pé do camiño aparece a Capela de Nosa Señora da Mercede. Abandónase A Calle pola mesma estrada, que prosegue con longos tramos rectos entre campos agrícolas e terreos privados ata chegar ao cruzamento coa AC-3802.


Superado o devandito cruzamento, o peregrino continúa na mesma dirección por unha estrada que se interna a través dun piñeiral que despois presenta tamén carballos e eucaliptos. A ambos os dous lados do vial xorden algunhas parcelas pechadas con vivendas unifamiliares que constitúen o núcleo de O Carballo. Tamén aparecen algunhas vivendas tradicionais de pedra. A estrada prosegue sen apenas desnivel nun ámbito no que se alternan pequenas masas boscosas con matogueira e terreos de labor.

No lugar da Casanova, o trazado toma unha pista que entre arboredo pasa entre terreos agrícolas. O conxunto é harmonioso dado que o arboredo é autóctono. O paso polo núcleo de Os Carabelos marca o comezo dun tramo en descenso que transcorre encaixado entre noiros de terra aos que se asoman a vexetación e as raíces das árbores lindantes. A flora envolve a corredeira ata que esta chega a ponte Pereira. Neste enclave o trazado incorpórase a unha estrada á vez que cruza o rego da ponte.

Dende ponte Pereira a estrada sobe con suave pendente, discorrendo entre prados e campos de millo e bosques de ribeira dos regatos que hai no contorno. A paisaxe continúa sendo grata, con equilibrio entre os terreos dedicados á agricultura e as masas de arboredo autóctono. Posteriormente a ruta abandona a estrada e toma unha nova corredeira que avanza entre carballos, arbustos e noiros de terra. Este camiño leva ao núcleo De Os Carrás, ao que se chega tras realizar unha suba.

Deixando atrás Os Carrás, o cruzamento empedrado dunha estrada local antecede a un novo tramo de corredeira pola que o peregrino volve camiñar encaixado entre altos noiros cubertos pola vexetación existente. O sendeiro é amplo e igualmente discorre cuberto polas ramas dos carballos que o circundan chegando así á fin do municipio de Ordes.

3.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO




Superposición do trazado de 1997 e trazados do Camiño, complementario e trazado con vestixios históricos Ordes. Elaboración propia

TRAZADO DO CAMIÑO		TRAZADO CON VESTIXIOS HISTÓRICOS	
TRAZADO COMPLEMENTARIO		TRAZADO 1997	

O trazado do Camiño Inglés que atravesa o Concello de Ordes reflexa en practicamente toda a súa lonxitude o da proposta de 1997, salvo en lixeiras variacións que se exporán a continuación nos núcleos de Os Arcos, entre Trabes, A Costa e O Outeiro e xa ao sur do Concello, no límite municipal con Oroso entre Os Carrás e Baxoia.

Aparecen tamén pequenos tramos de camiños tradicionais que hoxe en día se perderon polos labores de concentración parcelaria que se reflicten como tramos con vestixios históricos cautelados.

TRAMO A CARBALLEDA-A RÚA



O Camiño definido chega a Os Arcos por un camiño tradicional que dá continuidade ao do tramo anterior proveniente de A Carballeira que respectou a concentración parcelaria, mentres que o do ano 1997 accede a Os Arcos realizando un desvío e un caneo polo que foi un camiño que rodeaba o agra do núcleo e rompendo así coa continuidade do camiño tradicional.

Indícase tamén, entre Os Arcos e A Rúa, un trazado con vestixios histórico que completaba o tramo de camiño tradicional que unía A Carballeira con esta última, que aínda hoxe se pode chegar a intuír, pero que a concentración parcelaria fai inviable.


TRAMO A RÚA-TRABES



Entre A Rúa e Trabes as operacións de concentración parcelaria fixeron desaparecer os camiños de carácter tradicional sendo substituídos por unha estrada de carácter local que é a que se delimita e que é coincidente co trazado do ano 1997 a excepción do paso polo núcleo de Vilariño que se recupera, pois o camiño do 1997 non accedía a este.

Incluíronse como trazados de vestixios históricos os trazados dos camiños tradicionais doadamente recoñecibles na cartografía e orotofotos antigas.


TRAMO TRABES, A COSTA E O OUTEIRO



O trazado descrito polo camiño de 1997 non obedece a ningún criterio recoñecible. Trátase dunha ruta totalmente intransitable, que non se apoia en ningún camiño, sendeiro nin estrada. Non hai constancia dun itinerario destas características en ningún documento cartográfico nin ortofoto e no lugar non se perciben restos físicos.

Por iso defínese un itinerario continuo e totalmente transitable paralelo ao anterior no que case a totalidade do percorrido se realiza por camiños tradicionais de alta calidade paisaxística, discorrendo entre bosques e prados.

TRAMO OS CARRÁS - OROSO



Trátase dun caso semellante ao anterior. O trazado descrito polo camiño de 1997 non obedece a ningún criterio recoñecible. Trátase dunha ruta totalmente intransitable, que non se apoia en ningún camiño, sendeiro nin estrada. Non hai constancia dun itinerario destas características en ningún documento cartográfico nin ortofoto e no lugar non se perciben restos físicos.

Por iso defínese un itinerario continuo e totalmente transitable paralelo ao anterior no que case a totalidade do percorrido se realiza por camiños tradicionais ata que nos internamos en Concello de Oroso onde o Camiño comeza a discorrer por pistas de concentración parcelaria.

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO

O trazado ao seu paso polo municipio de Ordes alterna o uso de sendeiros e de pistas asfaltadas de uso veciñal, se ben a lonxitude destas últimas supera o setenta e cinco por cento no conxunto do municipio.


No caso das pistas asfaltadas, o estado de conservación é irregular, habendo tramos nos que o pavimento carece da calidade requirida. Non obstante, ningún tramo presenta dificultades para o tránsito dos peregrinos.

No que se refire á utilización de camiños e sendeiros, ao igual que acontece coas vías pavimentadas, alternanse sendas ben conservadas con outras que poden ocasionar problemas, sobre todo para os peregrinos que se desprazan en bicicleta. Entre os posibles problemas atópase a formación de barro por falta de un firme suficientemente compactado.

O punto máis delicado do trazado prodúcese no cruzamento coa estrada AC-524, que soporta maior cantidade de tráfico por tratarse da vía de comunicación entre a autoestrada AP-9 e a capital municipal.

Esta confluencia está ben solucionada mediante un paso inferior. Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o Índice de Calidade Percibida e o estado de conservación do pavimento. En ambos os dous casos defínese unha situación denominada “Recuperable/Cautela” para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a selo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.


ÍNDICE DE CALIDADE PERCIBIDA DO CAMIÑO (ICC)



	Calidade do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Moi mala	2.8	17.9%	2.0%
	Mala	6.9	43.8%	4.9%
	Media	1.7	10.6%	1.2%
	Boa	1.2	7.8%	0.9%
	Moi boa	2.8	17.4%	1.9%
	Excelente	0.4	2.5%	0.3%
	Total xeral	15.8	100.0%	11.2%

Indicador creado para representar de forma sintética a conservación e calidade global de cada treito de camiño, combinando o estado de pavimento, a adecuación do entorno, a paisaxe percibida, a visibilidade e o tipo de plataforma.

CONSERVACIÓN DO CAMIÑO



	Conservación do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Boa	6.6	41.5%	4.6%
	Regular	5.4	34.3%	3.8%
	Mala	3.8	24.2%	2.7%
	Total xeral	15.8	100.0%	11.2%

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Santiago.

5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO

O ámbito no concello de Ordes caracterízase pola largura homoxénea, e unha marcada dirección sur, exceptuando nas inmediacións do concello de Oroso, onde toma unha lixeira desviación cara o suroeste.

As parroquias polas que discorre o Camiño son San Pedro de Ardemil, Santa María de Leira, San Paio de Buscás, Ordes, San Xulián de Poulo, Santaia de Pereira e Santa Cruz de Montaos. A delimitación do ámbito abrangue os núcleos do Seixo, Cabeza de Lobo, O Castro, O Pazo, A Carreira, As Mámoas, A Fraga, O Porto, A Carballeira, Margarida, Os Ramos, A Rúa, As Pombas, O Verdeal, Vilariño, Trabes, A Costa, o Outeiro, Blanca, Lavandeira de Riba, A Senra, A Calle, O Carballo, A Casanova, A Lamela, Os Carabelos, O Espiño e Os Carrás.

O límite oeste entra no concello pola parroquia de Ardemil deixando ao oeste os lugares de Axáns e A Reboira, que se apoian na estrada N-550. Continúa cara ao sur bordeando os montes de Gómez García, para despois discorrer pola beira do Rego de Portomanteiga. Tomando pistas de concentración parcelaria o borde se achega pola esquerda aos núcleos das Mámoas, A Fraga, O Porto, e entra na parroquia de Buscás, deixando á dereita A Pereira e á esquerda As Pombas. De novo cinguese a un curso fluvial, o do río Cabrón, englobando Vilariño e Trabes. Entra na parroquia de Poulo, abandona o río e colle a estrada de enlace do núcleo de Ordes co acceso a autoestrada, ate chegar a A Costa de Abaixo, onde vira cara o sur, tomando un camiño existente que cruza Lavandeira de Baixo. Despois dun treito atravesando terras de labor deixa á esquerda A Calle para entrar na parroquia de Pereira, onde discorre entre as Leiras das Abotregueiras até chegar a Eirexe. Nesta parroquia o ámbito abrangue os núcleo de O Carballo, A Casanova, A Lamela, Os Carabelos e O Espiño. Antes de abandonar o concello, na parroquia de Santa Cruz de Montaos, toma un camiño que conduce a Albariña, aldea que bordea pola dereita, ao igual que as de Queis, Porta dos Conces e O Piñeiro. Nesta parroquia só engloba o núcleo de Os Carrás.

O borde leste discorre por pistas de concentración parcelaria até deixar o núcleo de Cabeza de Lobo, onde discorre próximo ao curso fluvial de Portomanteiga, englobando as aldeas de Achán, O Pazo, A Carreira. Nas inmediacións das Mámoas, o borde adopta a traza unha pista de concentración parcelaria con dirección oeste - leste, englobando o conxunto de mámoas da Canteira Pequena, e os núcleos de Castenda e Margarida. Na contorna dos Ramos o límite adopta o curso fluvial do Rego do Cabo que non abandona até xa entrar na parroquia de San Xulián de Poulo. Quedan inseridos no ámbito A Rúa, o Verdeal, Vilariño e Trabes. Nesta parroquia, o borde, deixa polo oeste os núcleos da Costa, O Outeiro, Blanca, A Senra e A Calle. Antes de abandonar a parroquia adopta o curso do rego da Ponte Ribeira. Xa en Santaia de Pereira abrangue os núcleos do Carballo, A Casanova, A Lamela, Carabelos e O Espiño. Pasa polo leste dos Carrás e adopta un camiño existente que continúa no concello de Oroso.

6. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

ELEMENTOS PATRIMONIAIS DENTRO DO ÁMBITO

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Hórreo en Cabeza de Lobo	Cabeza de Lobo	Ardemil (San Pedro)	Elementos etnográficos	550.620	4.775.303
Cruceiro de Ardemil	Cabeza de Lobo	Ardemil (San Pedro)	Elementos etnográficos	550.695	4.775.407
Igrexa de San Pedro de Ardemil	Cabeza de Lobo	Ardemil (San Pedro)	Arquitectura relixiosa	550.724	4.775.385
Hórreo na Cruz	Cabeza de Lobo	Ardemil (San Pedro)	Elementos etnográficos	550.506	4.774.867
Casa no Seixo	O Seixo	Ardemil (San Pedro)	Arquitectura civil	551.661	4.777.479
Hórreo no Seixo	O Seixo	Ardemil (San Pedro)	Elementos etnográficos	551.608	4.777.380
Casa con hórreo en Cabeza de Lobo (I)	Cabeza de Lobo, nº 5	Ardemil (San Pedro)	Arquitectura civil	550.722	4.775.861
Casas en Cabeza de Lobo	Cabeza de Lobo	Ardemil (San Pedro)	Arquitectura civil	550.639	4.775.342
Casa con hórreo en Cabeza de Lobo (II)	Cabeza de Lobo	Ardemil (San Pedro)	Arquitectura civil	550.649	4.775.370
Casa no Pazo	O Pazo	Ardemil (San Pedro)	Arquitectura civil	550.784	4.774.596
Hórreo e casa en Porto	Porto, nº 1	Ardemil (San Pedro)	Conxuntos de interese ou agrup de bens	550.665	4.773.702
Conxunto tradicional nas Mámoas	As Mámoas, nº 6	Ardemil (San Pedro)	Arquitectura civil	550.692	4.773.889
Cruceiro dos Ramos	Os Ramos	Buscás (San Paio)	Elementos etnográficos	550.661	4.772.472
Casa nos Ramos	Os Ramos	Buscás (San Paio)	Arquitectura civil	550.710	4.772.513
Cruceiro de Buscás	A Rúa	Buscás (San Paio)	Elementos etnográficos	550.444	4.771.882
Casa Dona María	A Rúa	Buscás (San Paio)	Arquitectura civil	550.433	4.771.876
Igrexa de San Paio de Buscás	A Rúa	Buscás (San Paio)	Arquitectura relixiosa	550.395	4.771.775
Muíño de Vilariño	Vilariño	Buscás (San Paio)	Elementos etnográficos	550.563	4.770.785
Ponte de Vilariño ou de Riamonte	Vilariño	Buscás (San Paio)	Arquitectura civil	550.375	4.770.614
Muíño do Cubo	Trabes	Buscás (San Paio)	Elementos etnográficos	550.117	4.770.468
Muíño de Trabes	Trabes	Buscás (San Paio)	Elementos etnográficos	550.068	4.770.532
Igrexa de San Xulián de Poulo	O Outeiro	Poulo (San Xulián)	Arquitectura relixiosa	550.526	4.769.659
Cruceiro de San Xulián	O Outeiro	Poulo (San Xulián)	Elementos etnográficos	550.510	4.769.643
Reitoral de Poulo	O Outeiro	Poulo (San Xulián)	Arquitectura civil	550.542	4.769.835
Casa Antón Veira	O Outeiro	Poulo (San Xulián)	Arquitectura civil	550.468	4.769.827
Hórreo Antón Veira	O Outeiro	Poulo (San Xulián)	Elementos etnográficos	550.456	4.769.825
Casa en Blanca	Blanca	Poulo (San Xulián)	Arquitectura civil	550.794	4.768.592
Casa na Senra (I)	A Senra, nº 7	Poulo (San Xulián)	Arquitectura civil	550.797	4.768.540
Casa na Senra (II)	A Senra, nº13	Poulo (San Xulián)	Arquitectura civil	550.788	4.768.339
Casas na Calle	A Calle	Poulo (San Xulián)	Arquitectura civil	550.588	4.767.889
Pousada de Felipe II	A Calle	Poulo (San Xulián)	Arquitectura civil	550.588	4.767.824
Cruceiro da Calle	A Calle	Poulo (San Xulián)	Elementos etnográficos	550.576	4.767.814
Capela da Mercé	A Calle	Poulo (San Xulián)	Arquitectura relixiosa	550.545	4.767.725
Casa con relevos na Calle	A Calle, nº 57	Poulo (San Xulián)	Arquitectura civil	550.523	4.767.740
Rueiro da Calle	A Calle	Poulo (San Xulián)	Nucleos Rurais	550.485	4.769.393
Casas na Casanova	A Calle	Poulo (San Xulián)	Arquitectura civil	550.794	4.768.592



NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Conxunto tradicional na Lamela	A Lamela	Pereira (Santaia)	Arquitectura civil	549.137	4.766.162
Ponte Pereira	A Lamela	Pereira (Santaia)	Arquitectura civil	549.028	4.765.721
Poza dos Carrás	Os Carrás	Santa Cruz de Montaos (Santa Cruz)	Elementos etnográficos	548.555	4.764.597
Casas nos Carrás	Os Carrás	Santa Cruz de Montaos (Santa Cruz)	Arquitectura civil	548.533	4.764.562
Carballeira dos Carabelos. Pereira	Pereira	Pereira	Varios	548.987	4.765.735
Castro de Ardemil/Os Castros do Coto.	Castro.	Ardemil (San Pedro).	Castro/Asentamento fortificado.	550.616	4.775.080
Coto da Croa.	Porto/Mámoas.	Ardemil (San Pedro).	Castro/Asentamento fortificado.	550.959	4.773.628
Mámoa 1 da Canteira Pequena.	Porto.	Ardemil (San Pedro).	Túmulo megalítico.	551.215	4.773.643
Mámoa 2 da Canteira Pequena.	Porto.	Ardemil (San Pedro).	Túmulo megalítico.	551.263	4.773.694
Castro de Buscás/Os Castros.	A Rúa.	Buscás (San Paio).	Castro/Asentamento fortificado.	550.371	4.772.027
A Torre-Buscás.	A Rúa.	Buscás (San Paio).	Castro/Asentamento fortificado.	550.776	4.772.004
A Ponte Vella.	Igrexa-Mendo.	Pereira (Sta Eulalia).	Obra viaria.	549.028	4.765.726
Castro de Carrás/O Castro.	Carrás.	Montaos (Sta Cruz).	Castro/Asentamento fortificado.	548.443	4.764.427
Castro de Poulo.	Senra.	Poulo (San Xulián).	Castro/Asentamento fortificado.	550.682	4.768.252
Castro de Pereira.	Casanova.	Pereira (Sta Eulalia).	Castro/Asentamento fortificado.	549.282	4.766.474
Túmulo de Carballo.	Carballo.	Pereira (Sta Eulalia).	Túmulo megalítico.	549.540	4.766.900
Tras do Castro	-	Santa Cruz de Montaos	Castro	548.314	4.764.268
Xacemento da Chousa do Carballo	-	Pereira	Obra ou edificio público	549.755	4.766.910
Xacemento de O Coto	-	Ardemil	Asentamento	551.286	4.777.737

7. ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067



068



069



070



071



072



073



074



075



076



077



078



079



080



081



082



083



084



085



086



087



088



089



090



091



092



093



094



095



096



097



098



099



100



101



102



103



104



105



106



107



108



109



110



111



112



113



114



115



116



117



118



119



120



121



122



123



124



125



126



127



128



129



130



131



132



133



134



135



136



137



138



139



140



141



142



143



144



145



146



147



148



149



150



151



152



153



154



155



156



157




158



159



160




161




162




163




164



165



166



167



168



169



170



171



172



173



174



175



176



177



178



179



180



181



182



183



184



185



186



187



188



189



190



191



192



193



194



195



196



197



198



199



200



201



202



203



204



205



206



207



208



209



210



211



212



213



214



215



216



217



218



219



220



221



222



223



224



225



226



227



228



229



230



231



232



233



234



235



236



237



238



239



240



241



242



243



244



245



246



247



248



249



250



251



252



253



254



255



256



257



258



259



260



261



262



263



264



265



266



267



268



269



270



271



272



273



274



275



276



277



278



279



280



281



282



283



284



285



286



287



288



289



290



291



292



293



294



295



296



297

8. ANEXO PLANOS